

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003376	CPI Plurilingüe O Cruce	Cerceda	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas. Esta Programación Didáctica elaborouse para o alumnado de 3º de ESO no CPI Plurilingüe O Cruce de Cerceda (A Coruña), onde a materia impártese nun grupo de vinte e catro alumnos/as.

Dado que o centro non conta cunha aula específica de música, este curso unha das dúas sesións impartirase na aula de referencia do grupo e a outra nunha aula de desdoble que conta tamén cun piano dixital e algúns instrumentos Orff.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Idade Media	Nesta UD estúdase a música na Idade Media, teoría musical (textura e forma musical) e música urbana (o rock and roll).	17	12	X		
2	O Renacemento	Nesta UD estúdase a música no Renacemento, teoría musical (notas nas claves de sol e de fa en 4ª) e música urbana (o soul)..	17	12	X		
3	O Barroco	Nesta UD estúdase a música no Barroco, teoría musical (alteracións, notas enharmónicas e intervalos) e música urbana (The Beatles).	17	12		X	
4	O Clasicismo	Nesta UD estúdase a música no Clasicismo, teoría musical (escalas) e música urbana (a música disco).	17	12		X	
5	O Romanticismo	Nesta UD estúdase a música no Romanticismo, teoría musical (armaduras da tonalidade) e música urbana (o hip-hop).	17	12			X
6	O século XX	Nesta UD estúdase algunhas das principais tendencias musicais da 1ª metade do s. XX e a música folk galega.	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Idade Media	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais da Idade Media e de temas de rock and roll ,evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar, con actitude aberta e respectuosa, algunhas das funcións desempeñadas por algúns dos xéeros da música sacra e profana na Idade Media, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.		
CA1.5.1. - Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas,a través da audición ou do visionamento.	Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas de música medieval ou os temas de rock and roll estudados,a través da audición ou do visionamento.		
CA2.5.1. - Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos,con ou sen apoio da audición.	Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos,con ou sen apoio da audición.	PE	65
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de pezas de música medieval e de tema sde rock and roll , mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as principais funcións asignadas a determinados xéneros e pezas de música sacra e profana da Idade Media, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical de exemplos das cantigas galaico-portuguesas e da polifonía do Códice Calixtino, con actitude de respecto.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer conexións entre manifestacións musicais da Idade Media e estilos de música urbana actual, valorando as súas semellanzas.	TI	35
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar técnicas básicas de interpretación vocal ou instrumental coa frauta doce, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.		
CA2.6.1. - Interpretar con corrección pezas musicais sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar cun mínimo de corrección pezas musicais sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.		Baleiro	0
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.			
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de audio e editores de partituras.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O Renacemento	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas do Renacemento, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	PE	55
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar, con actitude aberta e respectuosa, algunhas das f funcións desempeñadas por diferentes xéneros da música renacentista e polo soul, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical estudados, con ou sen apoio da audición.		
CA1.5.1. - Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.	Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas do Renacemento e temas de soul, a través da audición ou do visionamento.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas do Renacemento e de temas de música soul , mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.		
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer conexións entre manifestacións musicais do Renacemento e da música urbana, valorando as semellanzas entre elas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar técnicas básicas de interpretación vocal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.		
CA2.5.1. - Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.	Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.	TI	45
CA2.6.1. - Interpretar con corrección pezas musicais sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar cun mínimo de corrección o arranxo de "Stand By Me " (ou alternativamente outra peza) , xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. (0/300 caracteres)		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.			
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.		Baleiro	0
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.
- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.
- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.



## Contidos

- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- A partitura. Identificación e aplicación de graffías, lectura e escritura musical.
- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.
- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.
- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de audio e editores de partituras.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
3	O Barroco	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas do Barroco, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	PE	45
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas polos principais xéneros da música barroca, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, estudados con ou sen apoio da audición.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5.1. - Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.	Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran algunhas das pezas musicais do Barroco e dos temas de The Beatles estudadas, a través da audición ou do visionamento.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a ópera e a música instrumental no Barroco, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relacionar pezas de música barroca con temas de música urbana, recoñecendo algunhas das súas características en común.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar técnicas básicas de interpretación vocal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.		
CA2.5.1. - Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.	Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.		
CA2.6.1. - Interpretar con corrección pezas musicais sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar coa frauta cun mínimo de corrección unha das voces do arranxo do "Canon" de Pachelbel (ou alternativamente outra peza) de forma individual e en grupo, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	TI	55
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer técnicas da música barroca empregadas en algúns temas de distintos estilos de música urbana e culturas, valorando a súa proxección sobre a música urbana actual.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais do Barroco e de temas de The Beatles, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.		Baleiro	0
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.			

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de audio e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O Clasicismo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas do Clasicismo, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	PE	75
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas pola música disco, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical aprendidos, con ou sen apoio da audición.		
CA1.5.1. - Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.	Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.		
CA2.5.1. - Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.	Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	TI	25
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas do Clasicismo, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.		Baleiro	0
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de audio e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	O Romanticismo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas do Romanticismo, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	PE	55
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas do Romanticismo e da actualidade, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinados xéneros musicais e polo ballet no Romanticismo, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical estudados, con ou sen apoio da audición.		
CA1.5.1. - Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.	Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.		
CA2.5.1. - Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.	Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas do Romanticismo, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinados xéneros musicais e dancísticos do Romanticismo, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar técnicas básicas de interpretación vocal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.		
CA2.6.1. - Interpretar con corrección pezas musicais sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección a parte asignada no middley de ABBA (ou alternativamente outra peza) xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Elaborar un rap con letra propia sobre unha base rítmica dad ou inventrada, empregando Audacity e MuseScore.	TI	45
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	-Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas do Romanticismo e de temas de música pop, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.		Baleiro	0
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.			
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de audio e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O século XX	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas da 1ª metade do s. XX e de grupos folk galegos, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	PE	100
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por algúns dos principais xéneros da música tradicional galega relacionándoas coas principais características do seu contexto social e cultural.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical aprendidos, con ou sen apoio da audición.		
CA1.5.1. - Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.	Comentar cun vocabulario apropiado as características musicais básicas ou os sentimentos e emocións propias que nos suxiran as pezas musicais estudadas, a través da audición ou do visionamento.		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego, con actitude de respecto.		
CA2.5.1. - Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.	Ler e escribir música empregando partituras do nivel adecuado e aplicando os coñecementos de linguaxe musical adquiridos, con ou sen apoio da audición.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas da 1ª metade do s. XX e de música folk galega, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego con actitude de respecto.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.		Baleiro	0
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de audio e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta se caracteriza pola práctica ou facer musical como trazo característico e por un tránsito do global ao particular. A práctica (que non só inclúe a interpretación sino tamén a audición comprensiva) precede á fundamentación teórica, o cal non significa eludila. Pola contra, o alumno chega á reflexión como consecuencia da práctica e da intuición dos elementos constitutivos da linguaxe musical.

Dadas as características da materia de Música, a metodoloxía presenta distintas modalidades segundo se trate de guiar ao alumnado no ámbito da expresión musical, de estimular as súas respostas creativas, de axudarlle a comprender o contido dun discurso musical, de orientalo na comprensión da linguaxe musical ou na busca de datos referidos ó tema que se trata, nun determinado momento.

Os eixes da metodoloxía corresponden aos bloques do currículo da materia de Música en 3º ESO .

No ámbito da interpretación e creación (Bloque 2 do currículo, "Interpretación, improvisación e creación escénica") a aprendizaxe está centrada nas habilidades de interpretación e composición, coas limitacións derivadas de non dispor dunha aula específica de música para todas as sesións, que xa se sinalaron na Introducción a esta Programación.

As habilidades implicadas no canto e a expresión instrumental baséanse, fundamentalmente, na aprendizaxe imitativa, aínda que todas as pezas a aprender están en partitura e o alumnado ao final do proceso poden interpretalas lendo pola partitura ou de memoria. Primeiro se presenta a peza (na versión orixinal e no arranxo preparado polo profesor), e a continuación o proceso de aprendizaxe se inicia montando a obra por partes con todo o grupo. No caso das pezas polifónicas, é importante que cada grupo coñeza o que interpretarán os demais (distintas voces, acompañamentos rítmicos ou harmónicos, etc), co fin de facilitar a comprensión da peza na súa totalidade e promover a atención cara o que tocan os distintos grupos durante a propia actuación.

A metodoloxía referida á improvisación é ampla e abarca desde a liberdade total hasta a suxeición a regras ou pautas estritas, como un compás ou tempo predeterminados, un tipo de escala, unha forma determinada, etc. A gravación das improvisacións realizadas pode brindar ademais novos estímulos, o cal pode facerse cos ordenadores da aula, que contan con editor de audio.

Desde o punto de vista da escoita (Bloque 1 do currículo, "Escoita e percepción") o ensino e aprendizaxe da música implica o desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva da música relacionadas co coñecemento da linguaxe musical. Por linguaxe musical enténdese non só os contidos referentes a aprendizaxe do solfexo e da teoría musical, sino un concepto máis amplo que implica o desenvolvemento de capacidades de audición e recoñecemento de sons, principios básicos de construción musical, discriminación auditiva de voces e instrumentos, etc.

Nesta Programación as audicións se contemplan como una ferramenta fundamental, dado que entre os seus iexes conductores están o coñecemento básico dos períodos da historia da música occidental e da danza desde a Idade Media ata o século XX , e tamén dalgúns dos principais estilos da chamada música urbana do s. XX.

Os contidos de teoría musical traballados en 3º son unha continuación dos traballados en 2º, coa novidade este curso de que trabállanse en inglés. Estes contidos son inseparables do ámbito da expresión ,xa que é a comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical o que contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación .As pois, estes contidos non se presentan como algo illado, senon relacionados coa práctica da interpretación, coa audición comprensiva e coa lecto-escritura musical.

No referente aos "contextos e culturas" (Bloque 3 do currículo) ao coñecer, comparar e analizar obras musicais de diferentes períodos, xéneros e estilos, o alumno aprende a valorar a música do seu entorno e a doutras culturas. Neste senso, é importante que o alumnado adquira autonomía no terreo da indagación, aprendendo a manexar diferentes fontes, seleccionar a información máis correcta e aplicala a situacións de audición, expresión e reflexión acerca da música. Entre as actividades contempladas nesta Programación inclúense actividades de indagación, e se suxiren procedementos para buscar, seleccionar e ordenar a información recollida, co obxectivo de que o propio alumno/a descubra a utilidade destas actividades.

Apuntar por último que na Programación inclúese o uso das TIC como un recurso fundamental, principalmente a través do manexo de programas de software musical como MuseScore e Audacity cos ordenadores individuais do alumnado na aula de referencia.

A metodoloxía adaptárase a grupos e situacións diferentes, buscando sempre unha adecuada motivación do alumnado e rendibilizar os recursos dispoñibles.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

### Denominación

Libro interactivo Música 3 da editorial Edebé,dispoñible en Edixgal.  
 Apuntes e partituras proporcionados polo profesor, en Edixgal.  
 Ordenadores da aula con acceso a Internet e programas de software musical (editor de partituras e editor de audio).  
 Material que precisa o alumnado: caderno con papel normal e pentagramas nunha sola libreta de tamaño A4 e frauta doce.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación inicial de contidos mínimos da materia de Música en 2º ESO,mediante a realización dunhas actividades por escrito que orientarán ao profesor sobre os coñecementos previos de cada alumno/a. Esta avaliación será soamente orientadora e non contará para a cualificación do alumnado.

No caso de detectar carencias importantes en aspectos que se consideren básicos para o progreso adecuado do/a alumno/a en 3º , daráselle unha atención individualizada e adoptaranse medidas de Reforzo educativo para facilitar que alcance o nivel que lle permita acadar o aprobado.

En caso de detectar alumnos/as de capacidade superior á media de clase, por exemplo por atoparse estudando música no Conservatorio, facilitaránseles actividades específicas e individualizadas para manter a súa motivación con respecto á materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	65	55	45	75	55	100	<b>65</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	35	45	55	25	45	0	<b>35</b>

### Criterios de cualificación:

O baremo das cualificacións será o seguinte:

A. Proba escrita de contidos: 50%.Consistirá nunha proba escrita que puntuará entre 0 e 10. Haberá unha ou dúas probas por trimestre.

B. Práctica de interpretación: 30%. A proba de interpretación musical será individual ou en grupo e puntuará entre 0 e 3. Haberá que interpretar con partitura ou de memoria as pezas aprendidas (unha ou dúas) durante o trimestre. Haberá unha ou dúas probas por trimestre.

C. Tarefas e actitude: 20%. Aquí inclúense as tarefas realizadas, tanto as feitas no caderno como as feitas en Edixgal, así como a actitude correcta e a participación nas clases.

A cualificación mínima nas probas escritas do apartado A deberá ser de 2 (sobre 10) para poder sumar a puntuación dos apartados B e C.Si hai dúas probas na avaliación,e a cualificación nunha delas é inferior a 2,será obrigatorio

acadar na outra proba unha puntuación suficiente para que a media da puntuación das dúas probas sea dun mínimo de 2. Sin cumprir esta condición, ou si a cualificación nas dúas probas é inferior a 2, non sumárase a puntuación dos apartados B e C e non poderase aprobar a avaliación.

Así mesmo, a cualificación mínima nas probas de interpretación do apartado B deberá ser de 1 (sobre 3) para poder sumar a puntuación dos apartados A e C. Sen obter esta cualificación mínima neste apartado non sumárase a puntuación dos apartados A e C e non poderase aprobar a avaliación.

A falta reiterada do material requirido para o apartado B (frouta e partituras) durante alomenos un 75% das clases implicará que non se sume nada dos 3 puntos que conta este apartado para a nota total da avaliación, e por tanto suporá que non se aproba a avaliación. A partir de dun 50% das clases sin traer o material, e ata chegar ao 75%, descontarase 1 punto da puntuación total deste apartado.

A falta do material requirido para o apartado C (caderno con papel para anotacións e pentagramas nun solo caderno) implicará que non se sume nada dos 2 puntos que conta este apartado para a nota total da avaliación. Así mesmo, o alumnado que non entregue en prazo o caderno sin causa xustificada cando se requira para a súa cualificación (unha ou dúas veces por trimestre), non sumará nada por este apartado.

As faltas de orde por conduta inapropiada na aula descontarán 0,25 á nota da avaliación, ata un máximo dun punto.

### **Procedemento para a avaliación final de xuño**

O alumnado que en xuño teña unha soa avaliación pendente, non terá que recuperala si a cualificación obtida nesa avaliación é de 4. Tampouco terá que recuperala si a cualificación nesa avaliación é de 3 e a media global da cualificación obtida nas tres avaliacións é dun mínimo de 5. En caso de que a cualificación na avaliación suspensa sexa inferior a 3, ou sendo a cualificación de 3 a media da nota das tres avaliacións sexa inferior a 5, seguirase o mesmo procedemento que para o alumnado que teña dúas ou tres avaliacións suspensas. Este procedemento consistirá no seguinte:

1. Proba de interpretación individual ou en pequeno grupo dunha das pezas aprendidas en cada avaliación pendente. O profesor indicará a cada alumno/a no momento da proba a peza de cada avaliación pendente que debe interpretar. A interpretación poderá facerse de memoria ou coa partitura, a elección do alumno/a.

2. Realización por escrito actividades de repaso dos contidos mínimos traballados en cada avaliación pendente. Estas actividades deberán entregarse o día da realización da proba escrita.

3. Proba escrita sobre os contidos mínimos das avaliacións pendentes.

Os criterios de cualificación que aplicaranse son os seguintes:

- Proba de interpretación: 15 % da cualificación total (máximo 1.5 puntos).
- Actividades: 15 % da cualificación total (máximo 1.5 puntos).
- Proba escrita: 70 % da cualificación total (máximo 7 puntos).

Non haberá que acadar unha cualificación mínima en ningún dos tres apartados para sumar a puntuación dos demais, e acadarase o aprobado na avaliación final da materia cando a puntuación obtida na suma dos tres apartados sexa dun mínimo de 5.

Si en xuño non se recuperan as avaliacións pendentes, para obter a cualificación da avaliación global farase a media coas cualificacións obtidas nas tres avaliacións ordinarias.

Si se recuperan as avaliacións pendentes, a cualificación obtida na recuperación final será sempre de 5 para facer a media coas cualificacións obtidas nas avaliacións ordinarias. En caso de que a recuperación aprobada sexa das tres avaliacións, a cualificación na avaliación final na materia será sempre de 5.

### **Criterios de recuperación:**

Para a recuperación das avaliacións pendentes, que farase na derradeira quincena do curso, seguirase o procedemento explicado no anterior apartado, "Procedemento para a avaliación final de xuño".

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os programas de reforzo consistirán na realización dunhas fichas de exercicios baseados nos contidos mínimos da programación de Música de 2º ESO.

Estas fichas de exercicios entregaranse ao alumnado en dous prazos: o primeiro no comezo do curso (fichas 1 e 2), e o segundo en decembro (fichas 3 e 4) .

O profesor comunicarlle ao alumnado afectado os prazos establecidos para as sucesivas entregas das fichas de exercicios. Así mesmo, dende o comezo do curso crearase na aula virtual do centro un curso para o alumnado pendente de Música 2º ESO (e tamén outro curso para o alumnado pendente de Música 3º ESO), onde estarán dispoñibles as fichas de exercicios, as unidades didácticas de 2º ESO coa materia das fichas de exercicios, e toda a información relativa aos prazos de entrega e as datas dos exames.

Os criterios de cualificación da materia pendente son os seguintes:

Para superar a materia de 2º ESO pendente, deberán realizarse dúas probas escritas ao longo do curso que estarán baseadas nas fichas de exercicios feitas polo alumnado. De esta forma, o primeiro exame constará de preguntas escollidas dos exercicios das fichas da primeira entrega (fichas 1 e 2). E o segundo exame constará de preguntas escollidas entre os exercicios das fichas da segunda entrega (fichas 3 e 4). As datas previstas son: no mes de xaneiro terá lugar o primeiro exame, e no mes de abril o segundo.

Ademáis, sumarase ata un máximo de 2 puntos á nota do primeiro parcial ao alumnado que teña entregado en prazo as fichas da primeira entrega. E sumarase ata un máximo de 2 puntos á nota do segundo parcial ao alumnado que teña entregado en prazo as fichas da segunda entrega.

Estas fichas corrixiranse de forma individual e tamén estarán corrixidas no curso da aula virtual unha vez que se devolvan ao alumnado.

Para acadar o aprobado en xuño será necesario haber obtido alomenos un 5 na media dos dous exames parciais, sumando no seu caso a puntuación obtida polas fichas de exercicios.

O alumnado que non obteña un 5 na media dos dous exames, ou que non se houberse presentado sen causa xustificada a algún dos exames, ou a ningún deles, terá que facer un exame final coa materia dos dous parciais. Este exame puntuará sobre 10, e á calificación obtida nel sumarase un máximo de 2 puntos pola calificación obtida nas catro fichas de exercicios coa materia dos dous parciais, puntuando 0.5 cada ficha (sumarase polo tanto á metade da puntuación total obtida polas catro fichas). Para obter o aprobado terá que obterse unha cualificación mínima de 5, sumando a nota do examen e a puntuación obtida polas fichas.

### 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade inclúen:

a) Reforzo educativo. Os reforzos estableceranse a partir da avaliación inicial, si se considera necesario, ou ao remate da primeira avaliación, cando teñamos un coñecemento mais amplo das dificultades que poida presentar algún alumno/a na materia. Estas medidas serán postas en coñecemento do/a titor/titora do grupo.

b) Adaptación Curricular Significativa (ACS). A finalidade das adaptacións curriculares individualizadas ten unha dobre vertente: axustar e completar a resposta educativa para o alumno e responder ao principio de individualización da ensinanza.

No caso de que sexa necesario realizar unha adaptación curricular a algún alumno/a de Música en 3º da ESO, a responsabilidade será do profesor do departamento, tanto no seu deseño como no seu desenvolvemento, contando sempre co asesoramento do Departamento de Orientación.

Os elementos curriculares obxecto da proposta curricular individualizada serán tanto os obxectivos e contidos, como as actividades de ensino-aprendizaxe, a metodoloxía e a avaliación.

Para atender as diferenzas no proceso de aprendizaxe analizaranse os seguintes aspectos :

- Interese do alumno/a.
- Capacidade para aprender.
- Estilo de aprendizaxe.
- Destrezas e habilidades na interpretación, lectura de partitura, audición comprensiva e outros aspectos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL			X		X	
ET.5 - ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL					X	
ET.6 - ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO					X	
ET.7 - ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - CREATIVIDADE	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a concertos didácticos	Solicitarase a asistencia a algúns dos concertos didácticos ofertados polo Auditorio de Galicia de Santiago e polo Palacio da Ópera de A Coruña.	X	X	X

### Observacións:

Ademáis da asistencia a concertos didácticos, colaborarase con outros departamentos do centro para a realización de actividades no colexio ou saídas que sexan de utilidade para a ampliación da cultura musical do alumnado. Tamén fomentarse a participación activa do alumnado da materia nas actividades e actos que se realicen no centro que poidan ter unha presenza ou carácter musical, como por exemplo actuacións do alumnado en datas sinaladas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

5. Temporaliza os contidos de acordo á programación.
10. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
14. Adecúa as probas de avaliación aos contidos impartidos e ao grado de dificultade dos mesmos.
<b>Metodoloxía empregada</b>
1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
4. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.
6. Presenta situacións que introduzan a unidade (audición, vídeo, lectura de partitura ou texto)
9. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos.
12. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
13. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e sobre a forma de melloralas.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
11. Utiliza axuda audiovisual e recursos TIC para apoiar os contidos na aula.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
2. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as características particulares de cada grupo de alumnos.
3. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
<b>Clima de traballo na aula</b>
8. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
<b>Outros</b>
7. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
15. Acada un número de aprobados que considera satisfactorio.

### **Descrición:**

A cada un destes indicadores correspóndelle unha valoración e unha proposta de mellora, as cales faranse durante a avaliación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao longo do curso farase un seguimento do cumprimento da programación por trimestres e deixarase constancia delo nas actas das reunións do Departamento que correspondan.

Ao final do curso farase unha avaliación final do cumprimento dos obxectivos propostos e unha análise dos resultados académicos obtidos. Así mesmo, faranse as propostas de mellora que se consideren necesarias cara ó vindeiro curso, que incluíranse na Na Memoria final do departamento.

## 9. Outros apartados